



DECRETO DA ALCALDÍA.

Asunto: Ampliacións horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Período: Dende o 22 de decembro de 2022 ao 06 de xaneiro de 2023.

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, publicada no DOG núm. 1, de 02/01/2018, establece no seu artigo 5.f) que é competencia dos concellos “Autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo os criterios, os supostos e as circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17.”

A Orde do do 23 de outubro de 2020 da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, establece no seu artigo 9.1, que “Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.”

A mencionada orde no seu artigo 9.2 establece que os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Para os efectos desa orde, entenderase por Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos.

A mencionada orde establece no seu artigo 9.4 que as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Á vista do que antecede, e dos informes favorables que obran no expediente, esta Alcaldía, segundo as atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVE

Primeiro. Autorizar a ampliación nunha hora os horarios xerais de peche dos establecementos



abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, dende o 22 de decembro de 2022 ao 06 de xaneiro de 2023 ámbolos dous incluídos e de dúas horas as noites do 31 de decembro de 2022 e 05 de xaneiro de 2023.

Segundo. Notifíquese aos interesados no procedemento con indicación do réxime de recursos que proceda ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa.

O alcalde.
J. Blas García Piñeiro.
(Asinado dixitalmente).

A secretaria.
Rosa Ana Prada Queipo.
(Asinado dixitalmente).

HASH DO CERTIFICADO:
0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1
DCAF08587B6280B37A145073275F726E60DDDB4CA

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Secretaria

NOME:
GARCÍA PIÑEIRO, JOSE BLAS
PRADA QUEIPO, ROSA ANA

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2600DE63122E14D478D

